# ANEXO I

## SOLICITUDE PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN QUE SE VAN DESENVOLVER NA ANUALIDADE 2020

| **Nº DE PROTOCOLO[1]** | |
|---|---|

| **1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE** |
|---|
| CREACIÓN DUNHA REVISTA DE DIVULGACIÓN<br>DO CENTRO DE INVESTIGACIONS AGRARIAS DE MABEGONDO |

| **2.- TIPO DE ACTIVIDADE[2]** |
|---|
| PUBLICACIÓN |

| **3.- UNIDADE ORGANIZADORA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL** | | |
|---|---|---|
| UnidadE: CENTRO DE INVESTIGACIONS AGRARIAS DE MABEGONDO (CIAM) | | |
| Enderezo: ESTRADA AC-547 DE BETANZOS A MESÓN DO VENTO, KM 7 | | |
| C. Postal: 15318 | Concello: ABEGONDO | Provincia: A CORUÑA |
| Nome e apelidos do/a responsable da unidade organizadora: MANUEL LÓPEZ LUACES | | |
| Cargo: DIRECTOR DO CIAM | Tfno.: 881881801 | Correo_e: manuel.lopez.luaces@xunta.es |
| Nome e apelidos do/a coordinador/a: BIBIANA GUERRA PESTONIT | | |
| Posto de traballo: TECNÓLOGA II, CIAM | Tfno.: 881881863 | Correo_e: bibiana.guerra.pestonit@xunta.es |

| **4.- UNIDADES PARTICIPANTES DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL** | | |
|---|---|---|
| Unidade: CFEA GUÍSAMO | | |
| Enderezo: LUGAR DE BOS, 14. ESTRADA N VI, KM 581, GUÍSAMO | | |
| C. Postal:15640 | Concello: BERGONDO | Provincia: A CORUÑA |
| Nome e apelidos do/a responsable da unidade: LOIS ARENAS BARREIRO | | |
| Cargo: DIRECTOR | Tfno.: 881881043 | Correo_e: xose.lois.arenas.barreiro@xunta.es |

| **5.- UNIDADES OU ENTIDADES PARTICIPANTES** (que non sexan da Consellería do Medio Rural) | | |
|---|---|---|
| Unidade ou entidade: | | |
| Enderezo: | | |
| C. Postal: | Concello: | Provincia: |
| Nome e apelidos do/a responsable da unidade ou entidade: | | |
| Cargo: | Tfno.: | Correo_e: |

| **6.- CENTRO DE INVESTIGACIÓN OU CENTRO TECNOLÓXICO[3]** | | |
|---|---|---|
| Centro: | | |
| Enderezo: | | |
| C. Postal: | Concello: | Provincia: |
| Nome e apelidos do/a responsable da entidade: | | |
| Cargo: | Tfno.: | Correo_e: |

[1] A encher polo Departamento de Investigación e Transferencia da Agacal

[2] Xornadas técnicas, xornadas de portas abertas, congresos, conferencias, seminarios, talleres de prácticas, viaxes, material divulgativo, campos de ensaio, campos de demostración.

[3] Só no caso dos campos de ensaio, nos que é imprescindible asesor científico.

## 7.- ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

Os profesionais do sector agropecuario necesitan estar ao día dos últimos avances técnicos que poidan mellorar algún aspecto do seu traballo. Pero con frecuencia este profesional non sabe onde atopar a información técnica no momento preciso, carece de tempo ou ben para buscala ou ben para ler extensos traballos, ou nalgúns casos, carece do nivel técnico para comprendela e facela útil.

O presente proxecto intenta paliar esta situación mediante a creación dunha revista de divulgación que poida comunicar os resultados dos últimos traballos de investigación do CIAM nun formato sinxelo, breve e rigoroso.

Ademais de informar ao sector empresarial, a revista pretende ser un vehículo para comunicar o que fan outros investigadores ou compañeiros, un instrumento para aglutinar e dinamizar o centro e abrilo ao exterior, e unha proba mais da relevancia das actividades do CIAM no contexto agrogandeiro de Galicia.

A coordinadora do proxecto ten experiencia na elaboración de resumos de investigación levada a cabo dende o Departamento de Viticultura e Enoloxía na Universidade de Davis, California, no período 2006-2010, onde foi autora de perto de 200 resumos de investigación e 20 publicacións en revistas do sector (https://wineserver.ucdavis.edu/industry-info/research-summaries).

## 8.- OBXECTIVOS

1. Difundir a actividade do CIAM
2. Poñer ao día ao lector dos resultados dos últimos avances técnicos derivados das accións de investigación do CIAM.
3. Facer accesibles os resultados da investigación aos traballadores do sector con independencia da súa formación técnica mediante a elaboración de resumos escritos dun xeito sinxelo, breve, rigoroso, e ameno.

## 9.- METODOLOXÍA EMPREGADA NO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

### 9.1.- Localización

CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO. ESTRADA AC-547 DE BETANZOS A MESÓN DO BENTO, KM 7

### 9.2.- Planificación da actividade (de ser o caso, programa). No caso de campos de demostración ou dos campos de ensaio descrición de todas as fases. (Xuntar croquis e deseño das parcelas)

1. A dirección do CIAM solicitará aos investigadores unha lista de publicacións recentes que se farán chegar ao equipo de traballo.
2. O equipo seleccionará, ou dará o visto bo, aos artigos de maior relevancia que merezan ser divulgados.
3. Os artigos seleccionados serán estudados e calquera dúbida será consultada co autor orixinal, para así garantir que o resumo capta a intención científica da publicación. Seguidamente se procederá a elaborar o resumo. Os diferentes artigos poderán ser elaborados por diferentes investigadores, dependendo da temática.
4. Cada artigo será enviado ao autor orixinal para a súa edición e poder obter así a súa aprobación do resumo.
5. Os resumos serán pre-maqueteados internamente polo equipo de traballo para asegurar a coherencia e ubicación da fotos.
6. Os textos serán enviados aos servizos do Departamento de Investigación e Transferencia do AGACAL, para a súa revisión lingüística, deseño gráfico final, e aloxamento en Internet.
7. Finalmente se procederá á impresión da revista. Estima unha tirada periódica de 500 exemplares.

**9.3.- Persoal encargado do desenvolvemento da actividade**

BIBIANA GUERRA PESTONIT, Tecnóloga II (CIAM)

JULIO ENRIQUE LOPEZ DIAZ, Técnico I (CIAM)

CARMEN CALVO SANTALLA, Xefa Sección Investigación XIV (CIAM)

**9.4.- Persoas ou entidades a quen vai dirixido**

1. Traballadores do sector agropecuario.
2. Empresas e entidades ás que lles poda interesar os contidos para participar en futuras colaboracións.
3. Investigadores e Persoal do AGACAL.
4. Público en xeral relacionado co agro.
5. Bibliotecas públicas, escolas e centros de formación relacionadas/os coa agricultura e alimentación

**10.- PLAN E MEDIOS DE DIVULGACIÓN PREVISTOS**

**Reunións:**
- Reunións con responsables de cada liña de traballo para captar e seleccionar artigos para divulgar.
- Reunións cos autores orixinais para captar mensaxe científica e resolver dúbidas.

**Visitas:**
- De forma ocasional, ao Departamento de Investigación e Transferencia do AGACAL en Santiago.

**Publicacións:**
O proxecto xerará publicacións periódicas. A periodicidade queda por determinar, podendo ser trimestral ou semestral dependendo do volume do material orixinal a difundir.

| |
|---|
| **Artigos de prensa:** |
| **Programas de TV e/ou radio:** |

| |
|---|
| **11.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES** |
| **11.1.- Data de realización** (aproximada):<br><br>O noso obxectivo é que o primeiro número poida ver a luz en Xuño do 2020. |
| **11.2.- Duración da actividade:**<br>**Horas teóricas:**<br>**Horas prácticas** (en talleres ou explotacións de colaboradores): |
| **11.3.- Iniciativas de cooperación** (nome dos colaboradores):<br>**-Explotacións:**<br>-<br>**-Empresas:**<br>-<br>**-Entidades asociativas:** |
| **11.4.- Lugar de desenvolvemento** (marcar cun X):<br>**-Concello: Abegondo (A Coruña)**<br>**Zona desfavorecida** ☐ **Zona de montaña** ☐<br><br>**12.- TIPOLOXÍA DOS/AS DESTINATARIOS/AS** (poñer número de asistentes) |

| | |
|---|---|
| Agricultores/as activos/as, persoas dedicadas á actividade agraria con producións superiores ás de autoconsumo e dadas de alta no sistema de venda directa, persoal empregado no sector primario por conta allea ou persoas con solicitude de incorporación a través das submedidas 6.1 e 6.3. | Mulleres: 60<br>Homes: 40<br>Total asistentes: 100 |
| Persoal contratado (ou con expectativa de contrato) por empresas que realicen traballos agrarios (agrícolas, gandeiros ou forestais) ou da industria agroalimentaria. | Mulleres: 60<br>Homes: 40<br>Total asistentes: 100 |
| Persoas en idade laboral e menores de 60 anos con expectativa de incorporación | Mulleres: 80<br>Homes: 20 |

| | |
|---|---|
| ao sector primario ou á industria transformadora. | Total asistentes: 100 |
| Propietarios forestais socios dunha entidade de xestión en común da terra ou con expectativa de selo. | Mulleres: 50 |
| | Homes: 50 |
| | Total asistentes: 100 |
| | TOTAL ESTIMADO: 400 |